

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E UN DE AGOSTO DE 2007, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretaria accidental D^a. MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e quince minutos do día vinte e un de agosto de dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día catorce de agosto do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 1.518/07 de dona Lourdes Pinilla Picallo

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente no cambio de tellado por tella e uralita, de aproximadamente 110 m², situada en Canicoba en solo de expansión de núcleo rural (N2).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa coma a do cumio, así como as pendentes dos

faldróns. Ademais en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos oitenta e sete euros con sesenta e oito céntimos (#287,68#).

2.2.- Instancia num. 1.472/07 de don José M. Martínez Mejuto

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente no cambio de tellado por tella e uralita de aproximadamente 110 m², situada en Pousada de Arriba, en solo de expansión de núcleo rural (N2).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa coma a do cumio, así como as pendentes dos faldróns. Ademais en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento sesenta e oito euros (#168,00#).

2.3.- Instancia num. 1.480/07 de dona Montserrat de la Fuente Fernández e don José C. Rodeiro Carbia

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en Cornado-San Fins de Sales, solicitan licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Cornado en solo de expansión de núcleo rural (N2), segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal, cunha ocupación máxima inferior ó 30% da parcela neta; num. Plantas B+1. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente máximo de 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado pola arquitecta dona Mercedes Rosón Varela cun orzamento de 94.000,00 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

O abastecemento e saneamento resolveuse de xeito individual polo que en cumprimento do artigo 172 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, deberán presentar o compromiso cando se implanten os servizos.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 29 da lei 9/2002, deberá dotar a finca de abastecemento de auga de

maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ó seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia. Así mesmo deberase colocar un cartel indicador no que se fagan constar os datos dos técnicos directores e contratista; ordenanza que se aplica; destino da construción; data da licenza; prazo de execución das obras; número de plantas autorizadas e número de expediente.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil oitocentos oitenta (#1.880,00#) euros.

2.4.- Instancia num. 912/07 de dona Rosa Calvo Méndez

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Andrés de Trobe, expón que con data 27/12/2002 foille concedida licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Bazar (licenza 231/2002) , e dado que as obras xa están rematadas a achegando a documentación preceptiva, de conformidade co artigo 10.08 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia e co artigo 194.2 da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, solicita a concesión da licenza de primeira ocupación

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, non surtindo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas municipais correspondentes, que ascenden, á cantidade de sesenta (#60,00#) euros.

3º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais

3.1.- Escrito num. 1.242/07 de Obras y Viales de Galicia, S.L

Dáse conta do citado escrito no que don Luís A. García Gutiérrez, en representación de Obras y Viales de Galicia, S.L, solicita a devolución da garantía constituída para responder da execución da obra *Afirmado y acondicionamiento de pistas en Pumariño-Rozadela*, por importe de mil oitocentos cincuenta e dous (#1.852,00#) euros

Dáse conta así mesmo que durante o período de exposición pública non se presentaron reclamacións.

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado

3.2.- Escrito num. 1.243/07 de Obras y Viales de Galicia, S.L

Dáse conta do citado escrito no que don Luís A. García Gutiérrez, en representación de Obras y Viales de Galicia, S.L, solicita a devolución da garantía constituída para responder da execución da obra *Afirmado de pistas en Santa*

Cruz de Ribadulla e Ponte, por importe de dous mil oitenta e catro (#2.084,00#) euros

Dáse conta así mesmo que durante o período de exposición pública non se presentaron reclamacións.

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado

3.3.- Escrito num. 1.244/07 de Obras y Viales de Galicia, S.L

Dáse conta do citado escrito no que don Luís A. García Gutiérrez, en representación de Obras y Viales de Galicia, S.L, solicita a devolución da garantía constituída para responder da execución da obra *Construción beirarrúas no campo da festa -Vilanova*, por importe de mil catrocentos (#1.400,00#) euros

Dáse conta así mesmo que durante o período de exposición pública non se presentaron reclamacións.

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado

3.4.- Escrito num. 1.245/07 de Obras y Viales de Galicia, S.L

Dáse conta do citado escrito no que don Luís A. García Gutiérrez, en representación de Obras y Viales de Galicia, S.L, solicita a devolución da garantía constituída para responder da execución da obra *Construción de beirarrúas en Picón*, por importe de mil trescentos noventa e dous (#1.392,00#) euros

Dáse conta así mesmo que durante o período de exposición pública non se presentaron reclamacións.

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado

4º.- Certificacións de obras

4.1.- Certificación num. 3 da obra *Campo de Fútbol de la Escuela Deportiva Ribadulla en Tomonde-Vedra*

Dáse conta da certificación num. 3 e última da obra *Campo de Fútbol de la Escuela Deportiva Ribadulla en Tomonde -Vedra (07.3240.0041.0) incluída no Plan Especial de Herba Artificial dos campos de fútbol municipais 2007*, adxudicada á empresa Calfensa Proyectos, S.L polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 26/03/2007, por importe de cinco mil cento cincuenta e sete euros con setenta e sete céntimos (#5.157,77#), sendo o director da mesma a arquitecta dona Mercedes Rosón Varela

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación

5º.- Comunicacions e escritos varios

5.1.- Comunicación num. 1.535/07 da Consellería de Cultura e Deporte

Dáse conta da citada comunicación da Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte, relativa á concesión dunha subvención, ó abeiro da Orde do 26 de febreiro de 2007 pola que se convocan subvencións para os concellos de Galicia con menos de 50.000 habitantes e as súas entidades públicas con personalidade xurídica propia para a realización de actividades culturais, por importe de tres mil (#3.000,00#) euros para o proxecto: *escola de teatro, exposición fotografía "fragmentos encontrados" e recuperación de documentación etnográfica.*

A Xunta de Goberno acorda aceptar a citada subvención e demais requisitos establecidos na citada orde.

5.2.- Escrito num. 1.531/07 de don Rubén Estévez Eiras

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en San Pedro de Vilanova, expón que adquiriu unha moto matrícula BA8419X, modelo Honda CX 500, con data de matriculación 01/01/1980, polo que solicita a concesión da bonificación na cota tributaria do imposto sobre vehículos de tracción mecánica establecida para os vehículos cunha antigüidade mínima de vinte e cinco anos.

A Xunta de Goberno , á vista da documentación presentada, e de acordo co establecido no artigo 9º.2 da ordenanza fiscal reguladora do citado imposto, acorda concederlle a bonificación do 100% da cota con efectos do 01/01/2008.

6º.- Outros Asuntos

Non se presentaron

Conclúe ó fio das vinte e tres horas e cinco minutos

